

N. Expediente: 1366/2025 (Exp. Relacionado 1104/2025)
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos
Documento: Providencia inicio expediente
Asunto: CONTRATACIÓN PERSOAL GARANTÍA XUVENIL_2025 (TR350E 2025-21)

PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Vista a Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 28 de outubro de 2025, ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE + Galicia 2021 - 2027 (código de procedemento TR350E) (DOG núm. 160 do 22 de agosto de 2025), para a contratación de 1 persoa desempregada.

DISPOÑO:

- Incócese expediente para a contratación de 1 persoa desempregada, para un posto de peón de obras públicas (CNO 9601), que cumpra os requisitos do establecidos no punto 2 dos artigos 29 e 40 da Orde (*ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, estar desempregadas e inscritas como demandantes nos servizos públicos de emprego de Galicia, ser beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil na data de selección e formalización do contrato, e non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación*). Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- O contrato a formalizar será a xornada completa, por un período de 9 meses, na modalidade de contrato de traballo de interese social, de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (Código: 406), para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente co mantemento, limpeza e mellora de espazos públicos e infraestruturas municipais, co obxecto de porporcionarlle a experiencia e práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como as preferencias reflexadas na propia convocatoria, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaria prevista na Lei.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

